


SUMARIO

- [1-4] NOVAS
- [1-3] IGAEM
- [4] Centro Dramático Galego
- [5-6] AXENDA
- [7-8] ALERTA!
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9] A REDE EN CIFRAS



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgunhs organismos.

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO RECUPERA «TARARÁ-CHIS-PUM!», DE ARTELLO TEATRO, 29 ANOS DESPOIS DA SÚA PRIMEIRA REPRESENTACIÓN



O CENTRO CULTURAL CAIXANOVA DE VIGO ACOLLEU O VENRES DÍA 2 A ESTREA DESTA MONTAXE PARA PÚBLICO FAMILIAR QUE OFRECE UNHA NOVA VERSIÓN DA OBRA DE 1978

ANABEL GAGO, AVELINO GONZÁLEZ, BEA, NOEMI RODRÍGUEZ, FRAN PELETEIRO, MANUEL POLO E JOSÉ CARLOS ILLANES COMPOÑEN O ELENCO QUE DIRIXEN ROSA HURTADO E SANTIAGO MONTENEGRO

O Centro Dramático Galego (CDG) estreou o venres 2 de febreiro en Vigo o seu novo espectáculo *Tarará-chis-pum!*, unha montaxe destinada ao público familiar coa que a compañía institucional chega ao ecuador da temporada escénica 2006-2007. A produción ofrece unha nova versión do espectáculo homónimo representado en 1978 por Artello Teatro; e a súa incorporación ao repertorio do CDG insírese na liña programática da unidade teatral pública respecto á captación de público infantil como unha das súas prioridades.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:
Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:
Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM
Imaxe da capa: Tono Arias

D.L.: C-826-06



BO NA O

[vén da pantalla anterior]

Anabel Gago, Avelino González, Bea, Noemi Rodríguez, Fran Peleteiro, Manuel Polo e José Carlos Illanes compoñen o renovado elenco da montaxe, construída a xeito de creación colectiva baixo a dirección de escena de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, de Artello-Teatro Alla Scala 1:5. Xunto a eles, outros membros do equipo artístico como Carlos Alonso (espazo escénico e vestiario), Manuel Pombal (dirección musical), Santi Mañasco (iluminación, xunto a Santiago Montenegro) ou Santos Carrera (*atrezzo*) asinan a nova versión.

Recuperar o riso

En *Tarará-chis-pum!*, unha rapaza, pequena aprendiz de pallasa, perde o riso na escola. Para encontralo, emprende unha viaxe fantástica que a levará a percorrer espazos como un mercado, o fondo do mar, o bosque ou mesmo a lúa. Tras unha intensa busca, a acción acaba no circo, onde por fin a pallasa atopará o seu desexado riso.

A compañía Artello Teatro estreou *Tarará-chis-pum* o 15 de novembro de 1978 na desaparecida Sala Carral de Vigo. Foi o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galicia. A boa acollida que tivo por parte do público materializouse na realización de noventa funcións e na súa prolongación en cartel até setembro de 1981. Este espectáculo recibiu, ademais, a mención especial na primeira edición dos Premios da Críti-

ca de Galicia en 1979. Vinte e nove anos despois, o Centro Dramático Galego recupera a peza, mantendo no esencial a súa estrutura dramática e, sobre todo, o espírito de creación colectiva. Con esta nova posta en escena e cun novo elenco integrado agora maioritariamente por actores mozos, trata de facer unha invitación renovada ao xogo baseado na imaxinación, na ilusión ou na vontade de cadaquén.

Funcións para escolares

Tralas funcións de Vigo (días 2, 3 e 4 de febreiro), o Centro Dramático Galego iniciará unha xira con este espectáculo que se prolongará até finais de marzo e durante a que será escenificado en As Pontes (Cine Alovi, 9 de febreiro), Ferrol (Teatro Jofre, 17 de febreiro), Ourense (Teatro Principal, 24 de febreiro), Xixón (Teatro Jovellanos, 26 de febreiro), A Coruña (Fórum Metropolitano, 3 de marzo), Santiago de Compostela (Salón Teatro, 10, 11, 17, 18, 24, 25, 30 e 31 de marzo), Narón (Auditorio Municipal, 20 de marzo) e Foz (Auditorio Municipal, 28 de marzo).

Ademais destas funcións, están programadas outras 28 funcións escolares nas cidades de As Pontes, Ferrol, Ourense, A Coruña, Compostela, A Estrada e Foz. Para incidir no achegamento dos alumnos á obra, o CDG elaborou un caderno educativo, do que é autora Cristina Pérez Asenjo, para facilitarles a mestres e estudantes o traballo na clase, tanto antes como despois de asistir ao espectáculo.



NOVA IMAXE GRÁFICA DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS BAIXO O LEMA «PONTE EN ESCENA!»

A Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) conta cunha nova liña gráfica para a difusión das máis de 300 funcións de teatro de actor, monicreques, maxia, danza e música de cámara que se programan dentro do primeiro semestre de 2006 en 45 concellos galegos.

Baixo o lema xenérico «Ponte en escena!», a idea da campaña para este 2007 consiste en establecer un xogo co logotipo da RGTA de modo que se integre en cada unha das fotografías empregadas, realizada ex-profeso para esta finalidade.

A tiraxe total foi de 36.700 folletos despregables, a catro tintas, con distintos modelos de portada para cada xénero artístico; e, no caso do teatro, subdivididos tamén xeograficamente. Todos estes folletos estarán a disposición do público nos espazos escénicos que conforman a Rede.



Este material promocional complementarase con outros soportes, que na actualidade se están a ultimar, como son unha revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e unha páxina web específica das programacións do IGAEM.



MÁIS DE 200 CONCERTOS NA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN BIMESTRAL DA REDE DE MÚSICA AO VIVO

O primeiro calendario de actividades da nova Rede Galega de Música ao Vivo presenta un total de 234 actuacións de 75 grupos e solistas, de todos os estilos musicais, ao longo de febreiro e marzo de 2007 en 42 salas de concertos das catro provincias galegas. Esta Rede, organizada polo IGAEM xunto a asociación Clutura, ten como obxectivo a realización de preto dun milleiro de recitais anuais no marco dun circuío musical estable que serva de plataforma de promoción aos intérpretes e contribúa a optimizar a súa presenza no territorio galego.

Coa oferta de grupos dispoñible, cada sala confeccionará cada dous meses a súa programación, deixando fóra o período de verán e repartíndoa en dúas temporadas: a primeira de xaneiro a xuño cunha contratación mínima de 7 grupos e unha segunda de outubro a decembro con alomenos 5 grupos. Cada unha das formacións finalmente contratadas ha de ter un mínimo de 10 concertos no global da programación.

Figuran adheridos xa a esta rede un total de 43 salas, na que están presentes tanto locais pioneiros e emblemáticos na programación de concertos en directo como os novos espazos que nos últimos anos



comezaron unha actividade máis ou menos normalizada canto á programación musical para público reducido. As que participan nesta primeira programación son Borriquito de Belén (Santiago), Sala Dzine (San Sadurniño), Café Concerto Antano (Outes), Casa das Crechas (Santiago), Pub Gatos (Melide), Sala 600 (Melide), Jazz Vides (A Coruña), Pub D'Anton (Laracha), Clavicémbalo (Lugo), Auriese Café Cultural (Ourense), Café Teatro Xesteira (Ourense), Jazz Filloa (A Coruña), Garufa (A Coruña), Forum Celticum (Culleredo), Pub Kile (Ordes), Planeta (Sarria), Sala Mogay (Chantada), Roi Xordo (Allariz), Baranda (O Barco), Clan (Xinzo de Limia), Karma (Pontevedra), Barriga Verde (Lalín), Salón Parroquial (Ponteareas), O Con do Moucho (A Illa de Aorusa), La Casa de Arriba Pop (Vigo), Manteca

Jazz (Vigo), El Ensanche (Vigo), Verbum Náutico (Vigo), Bar Liceum (O Porriño), Woodstock (Portonovo), Ache (Seixomarin), Aturuxo (Bueu), Zona Cero (Caldas de Reis), Contrabajo (Vigo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Remache (Vigo), Verbum Jazz Café (Vigo), A Fragua (Redondela), Marrucho (Baiona), Clandestino (Nigrán), Salason (Cangas de Morrazo) e Vagalume (Salvaterra de Miño).

ÉXITO DA MÚSICA GALEGA EN MIDEM 2007 COA MARCA «GALICIAN TUNES»

A participación, por vez primeira, dunha delegación galega no MIDEM, a feira musical máis importante do mundo, foi avaliada de xeito moi positivo, por canto se conseguiu o posicionamento da música galega, coa súa propia identidade e trazos diferenciadores,

dentro do panorama global de músicas actuais.

As 9 empresas que se desprazaron a MIDEM xunto á representación institucional do IGAEM e da Consellería de Cultura e Deporte, servíronse da súa presenza neste encontro (que se celebrou en Cannes, Franza, do 21 ao 25 de xaneiro) para transmitir unha imaxe de dinamismo e de existencia real de sector, así como para iniciar contactos cara a futuros proxectos compartidos e mesmo cara un posíbel asociacionismo no seu seo.

Á visualización deste éxito contribuíu en gran medida o acerto que supuxo a marca «Galician Tunes», desenvolvida para representar o potencial, canto a variedade e calidade, da música galega que se fai hoxe en día. Tanto a web «Galician Tunes», como o

material en soporte dixital ou impreso que se editou a partir desta marca, tiveron unha boa acollida no MIDEM, o que incidiu favorablemente no coñecemento de Galicia e da súa música entre todos os congregados nesta feira discográfica.

PRINCIPIA A PROGRAMACIÓN ESCÉNICA PARTICIPADA POLO IGAEM EN CINCO SALAS DE TEATRO PRIVADAS GALEGAS

O IGAEM organizou un novo circuío de programación escénica de 150 funcións anuais, de distintos xéneros e estilos, que se desenvolverá en cinco salas e teatros de titularidade privada de Galicia. Para este proxecto destinarase ao longo de 2007 un total de 91.000 euros á cofinanciación de parte da programación e demais gastos da actividade destes recintos.



As Salas Nasa e Yago, en Santiago de Compostela; Teatro Ensalle e Teatro Arte Livre, en Vigo; e Teatro del Andamio, en A Coruña, son os espazos nos que bota a andar este mes de febreiro a nova programación multidisciplinar, que abrangue teatro de actor e monicreques, danza, circo, cabaré, maxia e calquera outra modalidade de artes escénicas.

Así, na primeira programación deste proxecto, que se desenvolverá até o mes de xuño, participan compañías como Caramuxo Teatro, Inquedanza-As Diadras, La sonrisa del lagarto, Pisando Ovos, Teatro do Morcego, Teatro Buratini, Talía Teatro, Compañía Seisdedos, Nut Teatro, Teatro del Andamio, Bacana, Casahamlet, Libélula, Tanit, Teatro Arbolé, Teatro Buffo, Nove Dous, Teatro Cachuzo, Buratini, A última rata, Uve doble Teatro, Titeres en acción, The pinga Teatro, Christyan Magic, Sapristi, Experimenta Danza, Cambaleo Teatro ou Matarile, entre outros.

Ánxela Bugallo e Luis Bará na presentación de Galician Tunes



ASINADO UN ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN ESCÉNICA E MUSICAL CO INSTITUTO CAMÕES


Os espectáculos procedentes da área da lusofonía terán unha atención especial no Salón Teatro, froito do acordo de colaboración asinado coa delegación do Instituto Camões en Galicia, para a difusión da escena e a música portuguesa que se fai hoxe en día. Así, tralo paso en xaneiro de compañías portuguesas como Círculo ou Rui Horta, no mes de febreiro haberá novas propostas da man de artistas lusos, como o dúo de saxo e electrónica que integran Pablo Coello e Pedro Rebelo, o día 14; e do grupo de percusión Drumming, o día 28.

Ademais dos anteriores, a oferta musical prevista complétase cun concerto dos galegos Ensemble instrumental, que interpretarán a obra *Fende-lo son*, orixinal de Manuel Rodeiro, o 18 de febreiro; en tanto que a danza estará defendida pola compañía catalana de Marta Carrasco con *J'arrive* (1 e 2 de febreiro) e pola agrupación francesa Alleretour co espectáculo *Ellas* (8 e 9 de febreiro).

Xunto ás funcións de danza e música, o teatro será o gran protagonista este mes canto a número de representacións programadas, xa que compañías tan emblemáticas de fóra de Galicia como o grupo vasco Ur Teatro (con *El chico de la última fila*, os días 3 e 4 de febreiro), Teatro Lliure e Centre d'Arts Esceniques de Reus-Caer (con *Last Chance*, os días 10 e 11) ou La Zaranda (con *Los que rien los últimos*, os días 16 e 17 de febreiro).



La Zaranda



Ur Teatro

OBRADOIRO DE PACO ZARZOSO DENTRO DO CURSO «PISTAS PARA UNHA DRAMATURXIA CONTEMPORÁNEA»

O Centro de Creación Dramática Contemporánea do Centro Dramático Galego (CDG) celebrou o segundo obradoiro do curso de escrita teatral *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*, que foi impartido polo dramaturgo valenciano Paco Zarzoso e supervisado por Cándido Pazó, autor residente no CDG na presente temporada. Un total de 14 alumnos

seguiron este curso, que se prolongou durante unha semana e no que se abordaron os distintos elementos da teatralidade á hora de enfrontar o traballo dramático.

Baixo o título *A estrutura dunha peza*, tivo como obxectivo o estudo e práctica de ferramentas ao servizo do autor dramático, tales como a temporalidade, a espacialidade e as diferentes modalidades de diálogos, poñendo especial atención na creación de personaxes complexos. Este traballo desenvolveuse a través de exercicios de escrita que puxeron en funcionamento todos eses recursos.

O curso completo ten como finalidade que os asistentes poidan crear un texto dramático ao longo dos meses nos que se realiza a actividade, de novembro a maio. Está composto por tres obradoiros dramáticos dunha semana de duración que parten da identificación e do estudo dos múltiples temas que poden definir a actualidade, rastrexando e experimentando os distintos enfoques, estratexias e camiños dramáticos para abordalos. Así, ademais de Cándido Pazó e Paco Zarzoso, o portugués Abel Neves impartirá o terceiro obradoiro do encontro que terá lugar no mes de marzo. As obras resultantes deste laboratorio de escrita serán publicadas no marco dunha nova liña editorial que primará a función dos libros como material de traballo.

01 XOVES	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Santiago de Compostela 21.00 TEATRO PRINCIPAL	Teatro do Noroeste <i>Imperial. Café Cantante</i> Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL						Marta Carrasco <i>J'arrive...!</i> 20.30a
02 VENRES	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Santiago de Compostela 21.00 TEATRO PRINCIPAL	Títeres Cachirulo <i>O libro da selva</i> Tui 20.30 Teatro Municipal - Edificio Área PANORÁMICA	Sarabela Teatro <i>A gata con botas</i> Redondela 20.30 MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Teatro do Atlántico <i>Memoria do 36</i> As Pontes 20.30 CASA DOPESO	Cyrille Sinclair <i>Divertilandia</i> Arteixo 20.30 CENTRO CÍVICO CULTURAL	CCG <i>Vacuo</i> Narón 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> Vigo 20:00 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA (estrea)	Marta Carrasco <i>J'arrive...!</i> 20.30
03 SÁBADO	Teatro Arca <i>Aseiros anónimos</i> Narón 20.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Dani García <i>Cousa de maxia</i> Cee 20.00 SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Teatro do Atlántico <i>A raiña da beleza de Leenane</i> Vilalba 20.30 AUDITORIO CARMEN ESTEVEZ	A Factoría Teatro <i>Os homes só cantan ate tres</i> Oleiros 20.30 A. GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Lugo 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Viveiro 20.30 TEATRO PASTOR DÍAZ	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> Vigo 18:00 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	UR Teatro <i>El chico de la última fila</i> 20.30
04 DOMINGO	Berrobambán Teatro <i>Buh!</i> Cambados 18.00 AUDITORIO DA XUVENTUDE	O Mago Teto <i>Perto de ti</i> As Pontes 18.00 CASA DOPESO	San&saN <i>Bar</i> San Sadurníño 19.30 CASA DA CULTURA	Fulano, Mengano e Citano <i>O faro</i> Sada 20.00 CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as maravillas</i> Ourense 17.00 TEATRO PRINCIPAL	Títzina Teatre <i>Entrañas</i> Ribadeo 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> Vigo 18:00 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	UR Teatro <i>El chico de la última fila</i> 18.00
07 MÉRCORES	 <i>Berrobambán</i>		 <i>Ancora Produccions</i>				CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> As Pontes 10:30 AUDITORIO M. CINE ALOVI (función escolar)	
08 XOVES	A Factoría Teatro <i>Os homes só cantan até tres</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Ancora Produccions <i>Final de película</i> Pontevedra 20.30 TEATRO PRINCIPAL					CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> As Pontes 10:30 AUDITORIO M. CINE ALOVI (función escolar)	Allerretour <i>Ellas</i> 20.30
09 VENRES	Títeres Cachirulo <i>O libro da selva</i> Sada 18.00 CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Mago Calí <i>Maxia para soñar</i> Arteixo 20.30 CENTRO CÍVICO CULTURAL LLORENS		 <i>San&San</i>	San&San <i>Bar</i> Muros 22.00 CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Carballo 21.00 PAZO DA CULTURA	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> As Pontes 18:00 AUDITORIO M. CINE ALOVI	Allerretour <i>Ellas</i> 20.30
	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Cangas 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Tui 21.00 Teatro Municipal - Edificio Área PANORÁMICA				Quinteto de vento Pentafonía <i>Concerto</i> O Barco 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL LAURO OLMO		 <i>Teatro Lliure e CAER</i>
10 SÁBADO	Teatro do Lilló <i>A lampariña de cristal</i> Vigo 18.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Tui 20.30 TEATRO MUNICIPAL - EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Quinteto de vento Pentafonía <i>Concerto</i> Cedeira 20.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Mago Marttyn <i>Produto da túa imaxinación</i> Cee 20.00/13.10 SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Vigo 20.30 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Ludus Tonalis <i>Xogos tonais</i> Ortigueira 20.30 TEATRO DE BENEFICENCIA	Ricardo de Barreiro <i>Merda</i> Narón 20.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro Lliure e CAER <i>Last Chance (Última Oportunitat)</i> 20.30 h
	Susana de Lorenzo <i>Arias de ópera, lieder e musical americano</i> Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Redondela 22.00 MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Trio Musical Intermezzo <i>Astor</i> <i>Piazzola. A vida polo tango</i> Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Cangas 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL	 <i>Sarabela Teatro</i>			Teatro Lliure e CAER <i>Last Chance (Última Oportunitat)</i> 18.00
11 DOMINGO	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Ames 17.00 CASA CULTURAL DO MILLADOIRO	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as maravillas</i> Cambados 18.00 AUDITORIO DA XUVENTUDE	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Betanzos 20.30 AULA MUNICIPAL DE CULTURA	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Cangas 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL				Pablo Coello + Pedro Rebelo <i>Fragmentos</i> 20.30 h
14 MÉRCORES	Teatro Español de Madrid <i>Romeo y Julieta</i> Ribadeo 11.00/20.30 AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL							

15 XOVES	Ancora Produccións Final de película Santiago de Compostela 21.00 TEATRO PRINCIPAL			CDG Tarará-Chis-Pum! Ferrol 10:30 TEATRO JOFRE (función escolar)			
16 VENRES	Ancora Produccións Final de película Santiago 21.00 TEATRO PRINCIPAL	Luis Boyano Asombrosamente increíble Arteixo 20.30 CENTRO CÍVICO CULTURAL	Mago Richard Benvidos isto é maxia Tui 20.30 TEATRO MUNICIPAL - EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Teatro do Noroeste Imperial. Café cantante O Barco 21.00 AUDITORIO M. LAURO OLMO		CDG Tarará-Chis-Pum! Ferrol 10:30 TEATRO JOFRE (función escolar)	
17 SÁBADO				CDG Tarará-Chis-Pum! Ferrol 20:30 TEATRO JOFRE		SALÓN TEATRO (Santiago) La Zaranda Los que rien los últimos 20.30 h La Zaranda Los que rien los últimos 20.30 h Manuel Rodeiro Fende-lo son 20.00 h	
18 DOMINGO							
19 LUNS	Os Quinquilláns A diáspora Ortigueira 20.30 TEATRO DA BENEFICENCIA				CDG Tarará-Chis-Pum! Ourense 11:00 TEATRO PRINCIPAL (función escolar)	SALÓN TEATRO (Santiago)	
20 MARTES	Chrystyan Magic Entroido Máxico Ponteareas 17.30 AUDITORIO REVERTIANO SOUTULLO						
22 XOVES	Teatro do Morcego O burgués fidalgo Monforte 20.15 EDIFICIO MULTIUSOS				CDG Tarará-Chis-Pum! Ourense 18:00 TEATRO PRINCIPAL	SALÓN TEATRO (Santiago)	
23 VENRES	Cyrille Sinclair A nosa maxia Cee 20.00 SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Títeres Cachirulo O libro da selva Burela 11.00 CASA DA CULTURA	Lagarta Lagarta As últimas lúas Narón 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL	Malasombra Non é tan fácil Ames 21.00 CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS			
24 SÁBADO	Sarabela Teatro Cristovo e as maravillas Cariño 18.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro de la Luna Ferdinando Vigo 18.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Lagarta Lagarta As últimas lúas Narón 20.00 AUDITORIO MUNICIPAL			CDG Tarará-Chis-Pum! Ourense 11:00 TEATRO PRINCIPAL	SALÓN TEATRO (Santiago)
	Fulano, Mengano e Citano Arte Redondela 22.00 MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Teatro do Morcego O burgués fidalgo Sanxenxo 21.30 CASA DA CULTURA EMILIA PARDO BAZÁN	Teatro do Atlántico A raíña da beleza de Leenane Cangas 20.30 AUDITORIO MUNICIPAL				
25 DOMINGO	Luis Boyano Asombrosamente increíble As Pontes 18.00 CASA DOPESO	Teatro Galileo O avaro A Coruña 19.00 FORUM METROPOLITANO	Lagarta Lagarta As últimas lúas San Sadurniño 19.30 CASA DA CULTURA	Fulano, Mengano e Citano Arte Redondela 20.00 MULTIUSOS DA XUNQUEIRA			SALÓN TEATRO
28 MÉRCORES				CDG Tarará-Chis-Pum! A Coruña 11:00 FORUM METROPOLITANO (función escolar)		Drumming-Grupo de percusión Zapping 20.30 h	

3. PROGRAMAS EUROPEOS

Convocatoria / Prorrama	Contido	Dirixido	Data límite
Cultura 2007	Fomentar a aparición e a expansión de novas formas de expresión, dentro dos ámbitos culturais tradicionais e paralelamente ao desenvolvemento dos mesmos: música, artes escénicas, artes plásticas e visuais, fotografía, arquitectura, literatura, libros, lectura, patrimonio cultural incluída a paisaxe cultural, e cultura infantil.	Organizacións culturais en xeral, administracións públicas, asociacións, grupos culturais, etc.	28 de febreiro
Xuventude	- Intercambios de xoves. - Servizo Voluntario Europeo. - Iniciativas xuvenís.	Asociacións e organizacións xuvenís, así como entidades públicas de ámbito local e estatal.	5 prazos anuais

4. OUTROS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Premios para o concurso de grupos de teatro clásico gregolatino	O especificado no BOE nº7, publicado o 8 de xaneiro de 2007	Grupos de teatro nos que só actúen alumnos/as matriculados en ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, tanto de centros públicos coma privados	7 de febreiro



Teatro imprevisto

Eduardo Alonso
Editorial TrisTram
ISBN: 978-84-893-7766-0
(84-893-7766-9)
PVP: 10 euros

Texto íntegro de tres obras de Eduardo Alonso (*Alta comedia*, *Damas de Ferrol* e *Ensaio*) escritas tendo en conta aos actores e actrices participantes, o espazo onde se representarán (Sala Yago de Santiago de Compostela) e mesmo as austeras condicións de produción e montaxe, cuestións estas que non supoñen unha limitación creativa.



Guías de actividade empresarial. Artes escénicas

IGAPE e BIC Galicia

<http://guias.bicgalicia.es>
<http://www.igaem.xunta.es>

Nas anteriores direccións electrónicas pódese consultar e descargar o arquivo en formato pdf que recolle este estudo sobre a actividade empresarial xerada polas artes escénicas na nosa Comunidade, realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e o BIC Galicia (Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia). O manual amosa unha descrición do perfil-tipo de empresa

escénica en Galicia, así como unha explicación do seu contexto sectorial no mercado e unha análise tanto da súa situación actual como das previsións para o futuro. Tamén se inclúe unha relación dos elementos de marketing, económico-financeiros e de recursos humanos que caracterizan a estas empresas.

La Zaranda	1	380	1.050
Lagarta Lagarta	28	179	525
Larumbe Danza	1	135	0
LASALTEATRO	4	126	76
Leilía	2	189	474
Los Figaros	1	260	0
Ludus Tonalís	1	100	0
Mago Rafa	1	80	0
Mago Richard	2	158	115
Magüi Mira	1	84	413
Marco González Tango Argentino	2	341	110
Máscara Produccións	2	68	188
Matarile Teatro	1	56	446
Migallas Teatro	10	188	119
Mijail Moriatov e grupo	1	100	0
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	66	42
Miki Nervio & The Bluesmamakers	1	35	145
Modern Mozart	2	115	0
Mofa e Befa	12	186	535
Mondello Quarter	1	111	159
Monkillos	3	40	40
Mr. Dixie Jazz Band	1	113	136
No ceo	1	7	35
Nova Galega de Danza	5	237	1.731
Nove Dous	9	84	105
O mago Teto	1	227	272
Orquestra de Cámara «Solistas de Galicia»	1	23	115
Os Cempés	2	650	0
Os Colomabaños	1	180	0
Os Monicreques de Kukus	7	167	92
Os Quinquilláns	2	267	23
Os Sete Magníficos máis un	4	209	368
Oscar Ibáñez	1	180	180
Pablo Nojes e Páprika	9	210	23
Patas Arriba	1	24	131
Payaso Popin	2	240	0
Pepe Hevia	3	84	193
Pifano Teatro	1	293	582
Pisando Ovos	3	102	96
Quinteto de vento Pentaфонia	1	74	16
R. T. A.	20	418	2.602
Roberto Somoza	1	70	0
Rosa Cedrón	1	600	0
Sala Yago	7	173	72
San & San	5	71	205
Santart	11	83	142
Sapristi	13	129	159
Sarabela Teatro	34	173	345
«Sexteto de corda «No mar»»»	2	73	28
Sol de Farofa	1	8	33
Talia Teatro	13	155	409
Talytakumy	1	110	260
Tamara Lorenzo	1	126	124
Tanxarina Títeres	7	303	428
Tarabuleque Teatro	2	124	280
Teatro Bruto	2	415	0
Teatro Buratini	13	171	89
Teatro Cachuza	4	60	92
Teatro de Adro	5	70	165
Teatro de marionetas Trécola	2	225	0
Teatro de Ningures	17	107	283
Teatro del Andamio	11	112	129
Teatro del Noctámbulo	1	49	190
Teatro do Aquí	6	172	450
Teatro do Atlántico	22	91	181
Teatro do Morcego	14	101	277
Teatro do Noroeste	17	111	411
Teatro dos Tirinautas	2	141	100
Teatro Galileo	6	186	313
Teatro Paraíso	1	102	56
The Pinga Teatro	5	121	377
Thiossane	1	400	0
Títeres Cachirulo	9	150	100
Títeres Cascanueces	3	147	8

COMPañías

CONCELLOS E ENTIDADES

TOTALS

FUNCIÓN	602
PÚBLICO	95.573
OCUPACIÓN	39,82%
FACTURADO	207.800 €